

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE CAMPOSANCOS PARA A ELABORACIÓN DA AUDITORÍA MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, María Mercedes Martínez Vázquez, alcaldesa pedánea da entidade local menor de Camposancos no exercicio das atribucións conferidas no artigo 159 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

### EXPOÑEN

**Primeiro.** A Entidade local menor de Camposancos ten atribuídas competencias en materia de abastecemento de auga potable, de acordo co establecido no artigo 163 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma, en concreto nos artigos da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que regulan o reparto competencial en materia de abastecemento.

Con referencia a esta última lei, os artigos 5.1.a) e 27.1 establecen como competencia das entidades locais o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario.

A entidade local menor de Camposancos cumpriu co seu deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

**Segundo.** A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.



Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos municipios (artigo 31.1) e a supervisión das redes básicas de abastecemento en alta (artigo 31). En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

**Terceiro.** A Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario ten entre os seus obxectivos garantir a prestación adecuada dos servizos de abastecemento de auga cando exista un episodio de seca, tendo en conta os recursos hídricos dispoñibles, e establecer as normas e as medidas para o aproveitamento dos recursos hídricos nos períodos en que exista un episodio de seca, co fin de reducir a vulnerabilidade fronte a este evento, buscando unha garantía no abastecemento á poboación en equilibrio co medio natural e tendo en conta os posibles efectos do cambio climático.

A citada Lei 9/2019, establece na disposición adicional segunda que, no prazo máximo de dous anos, contado desde a entrada en vigor desta lei (o 11 de xaneiro de 2020), todas as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación deberán levar a cabo unha auditoría co obxecto de cuantificaren as perdas de auga nas súas instalacións de abastecemento en alta e de subministración en baixa. Igualmente, deberán publicar a porcentaxe de perda de auga na sede electrónica da administración correspondente. Así mesmo, para minimizar as perdas de auga nas súas instalacións de abastecemento, as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación, deberán igualmente aprobar un plan de actuacións para minimizar as perdas.

As auditorías municipais de abastecemento e os plans de actuacións para a minimización das perdas de auga son un instrumento indispensable para diagnosticar e atallar as perdas do recurso hídrico nas redes e axudar a que os responsables dos sistemas de abastecemento estean mellor preparados ante eventos climáticos extremos como os provocados por unha ausencia prolongada de precipitacións.

**Cuarto.** A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento terá por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.



Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como é o outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

Asemade, o artigo 163.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, establece que a Comunidade Autónoma poderá prestar a asistencia técnica xurídica e económica precisa para que as entidades locais de ámbito territorial inferior ao municipal podan facer efectivas as súas competencias.

O 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

**Sexto.** Augas de Galicia considera necesario cooperar coas entidades locais para a realización de auditorías municipais de abastecemento e os plans de actuacións para a minimización das perdas de auga, preténdese con este convenio que a entidade responsable do sistema de abastecemento en Camposancos poida xestionar coa maior dilixencia, eficacia e eficiencia posibles as súas competencias nunha materia tan importante como é a prestación dos servizos de abastecemento á poboación.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e a entidade local menor de Camposancos para a



elaboración da auditoría municipal de abastecemento para minimizar as perdas de auga, nos termos establecidos nas cláusula seguintes.

## **SEGUNDA. OBRIGAS DAS PARTES**

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

### 1. Augas de Galicia obrígase a:

- Apoiar tecnicamente e a asesorar na execución das actuacións indicadas na cláusula primeira.
- Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio entregando á entidade local menor de Camposancos o importe máximo que se concreta na cláusula seguinte.

### 2. A entidade local menor de Camposancos obrígase a:

- Levar a cabo unha auditoría dos seus sistemas de abastecemento en alta e de subministración en baixa, cuantificar as perdas de auga e deseñar un plan de actuacións detallado para minimizar estas perdas.

As auditorías municipais dos sistemas de abastecemento en alta e de subministración en baixa para minimizar as perdas de augas deberán ter o seguinte contido mínimo:

a) Unha descrición detallada do sistema de abastecemento da entidade local, contendo, como mínimo:

- Unha explicación do funcionamento do sistema de abastecemento.
- Un inventario dos elementos singulares (puntos de captación de auga e a súa tipoloxía, equipos de medición existentes en captación, transporte, distribución e usuario final, estacións de bombeo de auga, depósitos de almacenamento, estacións de tratamento de auga potable), coas súas principais características, emprazamento e fotografías.
- Información sobre as redes de abastecemento (condución e distribución), lonxitude da rede de distribución, o estado de conservación e antigüidade das instalacións de abastecemento existentes.
- Inventario estimado do parque de contadores, características e antigüidade.
- Os núcleos de poboación e zonas aos que se subministra auga.

b) Documentación gráfica, planos en formato dixital (CAD ou SIX), do sistema de abastecemento da entidade local, contendo como mínimo: puntos de captación de auga, equipos de medición existentes dende a



captación aos puntos de consumo, estacións de bombeo de auga, depósitos de almacenamento, estacións de tratamento de auga potable e as zonas e núcleos aos que se subministra auga.

c) Datos sobre o volume medio de auga captada e subministrada á rede de abastecemento, o número de usuarios conectados diferenciados por tipoloxía (domiciliarios, grandes consumidores, etc.), e a tipoloxía de consumos de auga rexistrados e non rexistrados e facturados e non facturados.

d) Un balance hídrico de todo o sistema de abastecemento, tendo en conta a auga captada, a auga rexistrada e a auga non rexistrada.

e) Un plan de actuacións aprobado pola entidade local para minimizar as perdas de auga dos sistemas de abastecemento á poboación nos seguintes catro anos, dando cumprimento á disposición adicional segunda da Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, e contendo, como mínimo:

- Medidas e actuacións para a redución dos consumos autorizados non rexistrados.
- Medidas e actuacións para a redución das perdas aparentes (erros de medición, erros de lectura, consumos non autorizados).
- Medidas e actuacións para a redución das perdas reais.

Todas as medidas propostas deberán estar totalmente definidas e detalladas coa súa localización concreta, valoradas economicamente e programadas temporalmente no prazo de catro anos dende a aprobación en Xunta veciñal. O plan de actuacións conterá un estudo económico valorando os investimentos a realizar e a recuperación económica esperada en termos de redución das perdas de auga.

### **TERCEIRA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO**

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascenden a oito mil euros (8.000,00 €). Augas de Galicia financiará o 80% do importe total final das actuacións ata un máximo de seis mil catrocentos euros (6.400,00 €) con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital a corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, na anualidade 2023.



Será subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) so no caso de que non sexa repercutible de acordo co disposto na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido. A tal efecto, a entidade local menor deberá presentar coa documentación xustificativa un certificado no que declare expresamente que o IVE dos gastos subvencionables non é repercutible pola entidade local.

#### **CUARTA. LIBRAMENTO DOS FONDOS E RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN**

En canto ao réxime de xustificación, o Entidade local menor de Camposancos debe presentar ante Augas de Galicia, antes do 1.10.2023, a seguinte documentación xustificativa:

- a) Copia da auditoría municipal de abastecemento en alta e de subministración en baixa, redactada co contido mínimo establecido neste convenio de colaboración.
- b) A ligazón da publicación na sede electrónica da entidade local menor onde se indique a porcentaxe de perda de auga na súa entidade local resultado da auditoría realizada.
- c) O plan de actuacións para minimizar as perdas de auga, segundo o contido mínimo establecido neste convenio aprobado pola entidade local menor, segundo o indicado no punto 2 da disposición adicional segunda da Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.
- d) Documentación gráfica xerada na realización das auditorías, planos en formato dixital (CAD ou SIX), co contido mínimo establecido neste convenio.
- e) Conta xustificativa que recolla o previsto nos artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- f) De ser o caso, certificado de que o IVE non é repercutible por parte da entidade local menor.
- g) Declaración de que a entidade non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiaria da subvención.

Así mesmo, a entidade local menor obrígase a:



- a) Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto deste convenio.
- b) Comunicar a Augas de Galicia, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras Administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
- c) Reintegrar a Augas de Galicia, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devindicados dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións establecidas.
- d) Asumir, pola súa consideración de beneficiario, segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, todas as obrigas que, para os beneficiarios establece o citado artigo.

Augas de Galicia poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De atopar conforme a documentación xustificativa, Augas de Galicia materializará a súa achega mediante a transferencia dos fondos precisos á entidade local, no prazo dun mes desde a presentación pola entidade local da xustificación antes mencionada, conforme ao estipulado neste convenio e na lexislación aplicable. A anterior transferencia de fondos, será ingresada na conta bancaria da que a entidade local sexa titular, cuxa numeración facilitará a tal fin a Augas de Galicia.

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



A concesión de axuda deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, será compatible con calesquera outras axudas públicas ou privadas pero, en ningún caso, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

## **SEXTA. RELACIÓN LABORAL**

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual nin de calquera outro tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

## **SÉTIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes da ELM de Camposancos para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

## **OITAVA. NATUREZA DO CONVENIO**

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.



Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, á súa interpretación ou execución, ao seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

## **NOVENA. VIXENCIA DO CONVENIO**

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura por todas as partes, sendo de aplicación aos gastos realizados desde o 1.1.2023 e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2023. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

## **DÉCIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO**

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e a entidade local menor de Camposancos e tramitarase a través dunha addenda ao convenio.

## **UNDÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO**

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

## **DUODÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de



protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

## **DÉCIMO TERCEIRA. MEDIDAS ANTIFRAUDE**

1. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón:

[https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document\\_library/get\\_file?file\\_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto\\_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf](https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf)

2. Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, a disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) ([https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl\\_ES](https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES)), onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidades ou condutas de fraude.

A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta na que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.

3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.



## DÉCIMO CUARTA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e do resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento

*A presidenta de Augas de Galicia, Ethel María Vázquez Mourelle*  
*A alcaldesa pedánea da entidade local menor de Camposancos, María Mercedes Martínez Vázquez.*

